

## UNHA IMAXE VALE MÁIS

O meu álbum de fotos ten moitas páxinas. Non é un álbum como outro calquera Non. Ten tantas follas que por moitas moitas fotos que fixese na miña vida non ocuparían nin unha cuarta parte do álbum. Non. É un álbum especial. É o álbum da miña familia.

Na primeira páxina hai unha foto dunha muller e dun home diante dun fondo gris. O álbum foi idea deles, meus tataravós. O día da súa voda colaron a foto na primeira páxina esperando poner algunha outra algún día e deixarllas á súa filla. Non puido ser e da súa vida so ficou aquela única foto.

No álbum da miña bisavoa hai cinco fotos. Son alegres nun branco e negro algo triste. Cando a xente as ve, di que a súa boca é como a miña.

E despois están as fotos da miña avoa, que se parecía moito a min na forma de ollar. E despois están todas as de miña nai, que ten as primeiras en cor. E as miñas, desde o día que nacín até hoxe.

Este é o meu álbum de fotos, que algún día pasará á miña filla.

No álbum tamén hai fotos nas que non sae ninguén. Hai unha foto na que aparece un lugar: as montañas da serra inzadas de castiñeiros, o río, o muíño, vacas nun prado, nubes. No álbum hai catro fotos dese lugar, diante da miña casa. E son catro fotos diferentes, mais é a mesma foto.

A primeira foto encargouna miña bisavoa antes de que seu home emigrase a Arxentina. Encargou dúas copias e unha foi a Buenos Aires nunha caixiña con toxo, carquexa e uz.

A segunda foto é de hai setenta anos e case non hai diferenzas coa anterior foto. Colouna miña avoa no álbum porque seu

marido fuxira na guerra e pediulle que lle enviase unha copia a México.

A terceira foto xa é de miña nai. No prado hai menos vacas e no monte, menos castiñeiros e moi, moi ao fondo vense uns piñeiros e varios eucaliptos. Unha copia envioulla a papá a Suiza antes de que eu nacesse.

A cuarta foto é a miña. Tireina cando se metía o sol o día que viñeron as escavadoras para abrir unha canteira na fraga e os botamos.

Seguramente a miña filla algún día lle tire unha foto á montaña. Gústame imaxinar que os castiñeiros seguen aí e o río e o muíño e as vacas.

O día que miña nai morreu contoume aquela historia da muller que chegou á fronteira e a pararon na alfándega con dúas bolsas na man. A muller tiña que marchar do país e nunha bolsa levaba as súas cousas e todos os seus cartos, unha pulseira de prata, un colar de acibeche, uns brincos de ouro... E na outra bolsa levaba o seu álbum de fotos.

O soldado díxolle: So pode pasar unha bolsa.

E a muller pasou a fronteira co seu álbum de fotos abrazado ao peito.

Cando miña nai acabou de contarme a historia, deume o álbum. Toma, dixo. Eu recibino de miña nai e ela, da súa. E dixo: Eu sempre souben que non era meu. Que era teu. E ti, en canto o teñas ñas mans, saberás que é da túa filla.

SÉCHU SENDE, *Made in Galicia*, Galaxia, Vigo, 2007, pp. 47-79.